

# PANCHA

A moeda de Ribadeo



# ADHESIÓN E COBRO DA PANCHA

## Que preciso para adherirme?

1. Ter un establecemento físico permanente aberto ao público e situado en Ribadeo.
2. Levar a cabo unha actividade principal incluída nos epígrafes da convocatoria\*.
3. Ser persoa empresaria autónoma, micropeme ou pequena empresa de conformidade coa definición do regulamento (UE) N°651/2014 da CE.

\*Detalles IAE.- Segundo a clasificación de pígrafes do IAE, poderán adherirse á campaña todos aqueles establecementos que estean dados de alta en algún dos seguintes epígrafes:

**1.64** - Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecemento permanente (salvo epígrafe 647.5 -comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimentarios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 300 metros cadrados; e epígrafe 647.5 -Subministro de produtos alimenticios e bebidas, excluído o tabaco, a través de máquinas expendedoras).

**1.65** - Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes (salvo epígrafe 652.1 - Farmacias, comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal; epígrafe 655 - Combustibles, carburante e lubricantes; e epígrafe 658 - Compravenda de gando).

**1.662** - Comercio mixto ou integrado polo miúdo.

**1.971** - Lavanderías, Tinturerías e servizos similares.

**1.9721** - Servizos de perruquería de donas e cabaleiros e 1.9722 Salóns de institutos de beleza.

**1.9731** - Servizos fotográficos.

**1.975** - Servizos de enmarcación.

**1.981.2** - Xardíns de recreo nos que a entrada é por prezo (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE).

**671** - Servizos en restaurantes

**672** - Servizos en cafeterías

**673** - De cafés e bares, con e sen comida.

**676** - Servizos en chocolaterías, xaderías e orchaterías.

**677** - Servizos prestados polos establecementos clasificados nos grupos 671, 671, 673, 681 e 682 das agrupacións 67 e 68, realizados fóra de ditos establecementos. Outros servizos de alimentación das agrupacións 67 e 68 realizados fóra de ditos establecementos.

**721.2** - Transporte por autotaxis.


**963** - Exhibición de películas cinematográficas e videos. (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE).

**Prazo de adhesión:** 15 ao 24 de outubro, ambos inclusive.

# PANCHA: A moeda de Ribadeo


## PROCESO DE ADHESIÓN

1   
Regístrate en [pancharibadeo.gal](http://pancharibadeo.gal)


2   
Cubre os datos.  
Enche a túa ficha

3   
Validación  
mediante SMS

4   
O Concello de Ribadeo notificará  
via email se fuches aceptado/a  
ou se debes aportar algunha  
documentación adicional.


5   
Completa o perfil do  
comercio (foto,  
Localización no mapa ...)


6   
**Descarga a APP  
Pancha Ribadeo**  
para realizar os cobros


7   
Pásate polo Concello  
de Ribadeo e recolle  
o teu distintivo

8   
Listo para cobrar  
a partir do **1 de novembro**


## PROCESO DE COBRO

1   
**Emite a factura ou factura  
simplificada (ticket) co  
importe total, datos e  
número.**


2   
Inicia sesión na app  
**Pancha Ribadeo**, vai a  
opción de cobrar e teclea o  
importe total da compra.

3   
A persoa cliente amosa  
o seu **código QR**.

4   
Lee o **QR** da persoa cliente.  
Lembra que hai un **límite de  
150 Pchs por compra**.


5   
Ingresa o número de ticket  
e confirma a compra.  
A plataforma rexista e  
desconta o cargo das PCH.


6   
**Confirma operación e listo,  
pago realizado!**


7   
**Garda a factura/ticket.**  
O concello poderá proceder  
á revisión das operacións co  
obxecto de verificar o  
cumprimento dos requisitos  
da convocatoria.

## TEN SEMPRE EN CONTA

1   
Non poderás validar máis de  
**150 Pchs por compra**.

2   
A entidade colaboradora  
efectúa o pago da cantidade  
de panchas semanalmente.

3   
Os establecementos adheridos  
á campaña poderán como  
máximo recadar **3.000 €** de  
compras da parte  
correspondente as subvencións  
concedidas as persoas  
beneficiarias. Se acadas este  
Limite a aplicación non che  
dará opción a validar máis  
panchas.

4   
Non se admitirá o pago con  
panchas de bebidas espirituosas  
segundo a definición do  
Regulamento (CE), n° 110/2008  
e no regulamento de Execución  
(UE) n° 7161213

5   
**Garda os tickets** de cada  
operación! **ISTO É ESENCIAL!**



\*Son bebidas espirituosas aquelas bebidas alcohólicas destinadas ao consumo humano que posúen calidades organolépticas particulares e que teñen un grado alcohólico volumétrico mínimo de 15 por cento (14 por cento para o advocaat e Licor de ovo). Son bebidas como whisky, ron, xenebra, Licores etc...